

**PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA O SUBMINISTRO DE  
GRAVAS E GRAVILLAS PARA TRATAMENTOS SUPERFICIAIS EN  
CAMIÑOS RURAIS.**

**XULLO 2024**

## ÍNDICE

1. OBXECTO
2. CÓDIGO CPV
3. XUSTIFICACIÓN DO CONTRATO
4. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS
5. CONTROL DE CALIDADE
6. PREZOS UNITARIOS A OFERTAR
7. PREZO DO CONTRATO
8. PRAZO E LUGAR DE SUBMINISTRO
9. MEDICIÓN. PAGO E FACTURACIÓN
10. GARANTÍAS
11. CAUSAS DE RESOLUCIÓN
12. DEREITOS E OBRIGAS DO/A ADXUDICATARIO/A
13. RESPONSABLE DO CONTRATO
14. CRITERIOS DE VALORACIÓN
15. DURACIÓN DO CONTRATO
16. CRITERIOS DE VALORACIÓN
17. OFERTA ECONÓMICA:

### OBXECTO

O Presente prego ten por obxecto a definición das condicións e características técnicas que terán que cumprir os materiais obxecto do **Contrato de Subministro de gravas e gravillas para subbases, bases, capas de rodadura, recheos e drenaxes de camiños públicos**; Así mesmo, definirá os criterios técnicos a considerar para a súa aceptación.

### CÓDIGO CPV

Segundo o obxecto do contrato, o código CPV será: 14212000-0 (Gránulos, gravilla, polvo de pedra, guijarros, grava, pedras partidas y machacadas, mezclas de pedra, mezclas arena-grava y demás agregados).

### XUSTIFICACIÓN DO CONTRATO

A obriga de mantemento e conservación das pistas municipais e das condicións de seguridade vial na circulación correspóndelle ao Concello. A Brigada da Unidade de Medio Rural é a encargada de realizar, en boa parte, estes traballos.

Para esta finalidade é necesario dispoñer dos áridos precisos para tratamentos superficiais mediante regas con gravilla así como formación de bases e subbases con áridos de maior tamaño.

### CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

Preceptivamente será de aplicación o P. Prescricións T. Xerais para Obras de Estradas e Pontes.

Todos os materiais incluídos neste prego de prescricións técnicas cumprirán a normativa aplicable e disporán de documentación que o acredite.

Os áridos que se fornezan deberán contar obrigatoriamente con Marcado CE conforme á norma UNE-EN 13043:2003 “Áridos para mesturas bituminosas e tratamentos superficiais de estradas, aeroportos e outras zonas pavimentadas”. O referido marcado poderá ser solicitado ao Adxudicatario en calquera momento durante a vixencia do contrato e durante o prazo de garantía.

Unicamente poderá empregarse material procedente de machaqueo (tritución) de pedra de canteiras de natureza caliza, e sometidos a lavado antes do subministro, para limitar o contido de finos así como libre de materia orgánica e outros materiais que atinxan á durabilidade e estabilidade.

Os distintos tipos de áridos que serán obxecto do subministro desígnanse de acordo coa norma UNE 146901:2002 “ Áridos. Designación” coa forma GR-F-d/D-N-L, onde:

GR: Designa o grupo. Árido grueso (AG) en todos os casos.

F: Forma de presentación. Esixe que todos os áridos sexan de machaqueo, é dicir, proceder de trituración (T).

d/D: Indican a fracción granulométrica, sendo d a máxima abertura en mm da criba polo que pasa menos do 10% en peso e D a mínima abertura en mm da criba polo que pasa máis do 90% en peso.

N: Designa a natureza do árido. Baseándose na experiencia e tipo de emulsión asfáltica empregada pola Brigada de Medio Rural, esíxese a natureza caliza: C.

L: Indica que os áridos deberán ser lavados: L.

Designación: AG-T-d/D-C-L

### CONTROL DE CALIDADE

Aos efectos da comprobación do estipulado neste Prego, a persoa responsable do contrato poderá solicitar os certificados de calidade dos materiais, así como ordenar a realización de cantas probas, ensaios, medicións e pesadas estime sobre o material fornecido, que irá a cargo do

Adxudicatario ata un máximo do 1% do orzamento base de licitación mais o IVE.

O custo daqueles ensaios, probas, medicións ou pesadas cuxo resultado sexa contrario ao especificado neste Prego, irán a conta do Adxudicatario e non se contabilizarán dentro do citado orzamento para control de calidade. O Concello de Lugo designará o laboratorio que levará a cabo o control de calidade así como os medios humanos ou materiais, propios ou alleos, necesarios para realizar as probas que procedan.

O Adxudicatario facilitará a realización de cantos ensaios e probas ordene o Concello de Lugo. Así mesmo, o Adxudicatario facilitará a visita ás súas instalacións da persoa responsable do contrato ou quen se designe para os efectos de comprobar o funcionamento das mesmas, así como a pesaxe do material.

No caso de que os materiais a empregar non cumpran as condicións esixidas, poderanse rechazar, retirar ou solicitar o seu reemprazo, aínda que xa foran servidos.

### PREZOS UNITARIOS A OFERTAR

Os ofertantes deberán indicar os seguintes prezos unitarios:

- **Árido** (€ / t). Prezo de áridos cargados no camión e na canteira:
  - AG-T-2/6-C-L, Gravilla 2/6 (admitiranse variacións nos husos de +/- 1mm).
  - AG-T-6/12-C-L, Gravilla 6/12 (admitiranse variacións nos husos de +/- 2mm).
  - AG-T-12/20-C-L, Gravilla 12/20 (admitiranse variacións nos husos de +/- 4mm).
  - AG-T-20/40-C-L, Grava 20/40 (admitiranse variacións nos husos de +/- 8mm).

- AG-T-40/70-C-L, “Grava 40/70” (admitiranse variacións nos husos de +/- 8mm).
- **Servicio de transporte** (€ / t).
- **Plus para casos excepcionais de transporte** (€ / km / t), **dende a canteira ata o lugar do Concello de Lugo no que sexa necesario** para a realización dos traballos de mantemento das pistas sen a realización previa de acopio nas instalacións de A Milagrosa. Porén, a distancia que se ten en conta aos efectos de pagamento deste plus será a medida, en liña recta, dende as instalacións municipais de A Milagrosa ata a obra. **Este plus engádese ao prezo que resulte do servizo habitual de transporte.**

#### PREZO DO CONTRATO

Fíxase como orzamento máximo do contrato a cantidade de **66.100 euros/ano (ive incluído)**. Para o que resta do ano 2024, estímase arredor dun 40 % do orzamento anual, resultando un orzamento de **26.500 € incluído ive para 2024** e 39.600 € incluído ive para o ano 2025.

Estímase un suministro total de aproximadamente 4450 t de material, que se podería repartir do seguinte xeito:

- Gravilla 2/6: 45%.
- Gravilla 6/12: 30%.
- Gravilla 12/20: 10%.
- Grava 20/40: 10%.
- “Grava 40/70”: 5%.

O volume total de gasto virá determinado polos pedidos concretos realizados polo Concello de Lugo en función das súas necesidades durante a vixencia do contrato. Aplicaranse os prezos unitarios ofertados.

**Os prezos estimados (sen iva)** calcúlanse en base ao incremento do IPC para Galicia dende xaneiro de 2021 ata maio de 2024, cunha taxa de variación de arredor de 19 %, e son os seguintes.

- Áridos: **7,76 € / t.**
- Servizo de transporte: **3,57 €/t.**
- Plus para casos excepcionais de transporte (€ / km / t), dende a canteira ata o lugar do Concello de Lugo no que sexa necesario: **0,18 € / km / t.**

#### PRAZO E LUGAR DE SUBMINISTRO

Os materiais serán transportados en camións de caixa aberta, lisa e estanca perfectamente limpa ata o punto de subministro

O subministro realizarase ou ben nas instalacións municipais do Parque da Milagrosa (Frigsa), ou ben no punto do Concello de Lugo onde sexa necesario para a realización dos traballos de mantemento.

O subministro realizarase nun prazo máximo de 24 horas, unha vez solicitado o material pola persoa encargada pertencente á Unidade de Medio Rural. O material subministrarse co albarán correspondente ao material solicitado.

#### MEDICIÓN. PAGO E FACTURACIÓN

A cantidade de árido subministrado medirase en toneladas, de acordo cos albaráns de cada camión.

O abono dos traballos realizarase contra factura mensual presentada pola empresa, que será abonada unha vez efectuados os controis regulamentarios correspondentes e conformada polo Responsable do Contrato e o Concelleiro Delegado da Área de de Transición Ecolóxica e Impulso Rural.

O proceso de remisión de cada factura mensual efectuarase a través do rexistro electrónico no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado (FACE).

Para iso, os códigos DIR3 serán os seguintes:

- L01270288 / LA0005486 / LA0005552.

### GARANTÍAS

As garantías rexeranse polo disposto nos artigos 106 a 114 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

### CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Ademais das causas para a resolución de contratos que estipula a vixente lexislación serán causa de resolución:

- i. incumprimento das condicións técnicas e normativa aplicable.
- ii. incumprimento das condicións de subministro no tempo indicado en máis de tres ocasións.

### DEREITOS E OBRIGAS DO/A ADXUDICATARIO/A

Será obriga do adxudicatario correr cos gastos derivados dos ensaios que, a xuízo da Unidade de Medio Rural, se estimen pertinentes. Se dos resultados dos ensaios dunha carga se deducise que as características do material subministrado son diferentes ás especificadas na normativa vixente, a Administración non pagará dita carga.

Será obriga do adxudicatario dispór de todos os medios materiais e mecánicos necesarios para a execución do contrato, así como todas as operacións e trámites necesarios para subministrar o material obxecto do contrato na obra. O adxudicatario porá a disposición os medios suficientes e requiridos pola Unidade de Medio Rural, de xeito que se adapte en todo momento ao ritmo de execución da obra, conforme ao indicado polo Encargado da Brigada de Medio Rural.



### RESPONSABLE DO CONTRATO

O responsable do contrato será o/a Enxeñeiro/a Técnico/a da Unidade de Medio Rural.

### DURACIÓN DO CONTRATO

Estímase unha vixencia dun ano (1 ANO) dende a formalización do contrato, prorrogable por outro ano máis (1 ANO).

### CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os licitadores presentarán oferta económica para cada un dos seguintes conceptos, valorándose segundo a puntuación indicada para os efectos da adxudicación:

#### **a) Grava e gravilla: 7,76 € / t.**

- Gravilla 2/6: 45%.
- Gravilla 6/12: 30%.
- Gravilla 12/20: 10%.
- “Grava 20/40”: 10%.
- Grava 40/70: 5%.

Prezo ofertado: \_\_\_\_\_ € IVE excluído

Puntuación máxima: 6 puntos.

Asignarase a puntuación máxima prevista neste apartado á oferta máis económica, puntuándose as demais ofertas de xeito proporcional.

#### **b) Servizo de transporte: 3,57 €/t.**

Prezo ofertado: \_\_\_\_\_ € IVE excluído

Puntuación máxima: 3 puntos.

Asignarase a puntuación máxima prevista neste apartado á oferta máis económica, puntuándose as demais ofertas de forma proporcional.

**c) Plus para casos excepcionais de transporte (€ / km / t), dende a canteira ata o lugar do Concello de Lugo no que sexa necesario: 0,18 € / km /t.**

Prezo ofertado: \_\_\_\_\_ € IVE excluído

Puntuación máxima: 1 puntos.

Asignarase a puntuación máxima prevista neste apartado á oferta máis económica, puntuándose as demais ofertas de xeito proporcional.

OFERTA ECONÓMICA:

Considerarase a oferta co mellor prezo, sendo éste o resultado da suma do material, o servizo de transporte e o plus de transporte á obra considerando unha distancia de 5 km (distancia estimada para o cálculo).

Lugo, xullo de 2024 (Sinatura dixital)

A Enxeñeira T. da Unidade de Medio Rural. Asdo.: María Isabel Cereijo Espantoso.

A Tte. Alcaldesa delegada da Área de Cohesión Social e Territorial. Unidade de Medio Rural. Asdo.: Ana M<sup>a</sup> González Abelleira.